



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Mediante acordo plenario de data 10/02/2023, acordouse a participación no “Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+2023” da Deputación Provincial da Coruña, no que se incluía a obra á que se refire o proxecto denominado “1ª FASE MEJORAS DE LAS INFRAESTRUCTURAS (RED DE PLUVIALES Y PAVIMENTACIÓN) EN EL NÚCLEO DE SANTIRSO”, aprobándose, así mesmo, o correspondente proxecto.

A Deputación provincial procedeu a remitir a circular sobre a “Aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) 2023”, na que se incluíu a presente obra.

O referido Plan establece que os concellos contratarán os investimentos de acordo coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), e que para dita contratación han de empregarse os “Pregos- tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación das obras comprendidas nos Plans Provinciais da Excm. Deputación Provincial”, aprobados polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 26/02/2021.

Considerando que se ten xustificado a necesidade do presente contrato, art. 28 da LCSP, e os extremos esixidos polo art. 116.4 da citada norma, en sendos documentos asinados/subscritos por esta Alcaldía.

Considerando as instrucións dadas pola Deputación Provincial na citada Circular para a contratación das obras de referencia, así como o disposto nos arts. 116, 131, 156 e seguintes e 159 da LCSP, é polo que DISPOÑO:

Primeiro.- Incorporar ao expediente de contratación a “*memoria xustificativa*” subscrita por esta Alcaldía na que se acredita xustifica a necesidade deste contrato, arts. 28 e 116 da LCSP.

Incorporar ao expediente de contratación o documento subscrito por esta Alcaldía no que se xustifican os extremos esixidos polo art. 116.4 da LCSP.

Segundo.- Iniciar, de conformidade co previsto nos arts. 116, 131, 145 e 159 da LCSP, o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas: oferta económica e porcentaxe de mulleres en relación coa plantilla global da empresa) e tramitación ordinaria, para a adxudicación da obra a que se refire o proxecto denominado “1ª FASE MEJORAS DE LAS INFRAESTRUCTURAS (RED DE PLUVIALES Y PAVIMENTACIÓN) EN EL NÚCLEO DE SANTIRSO”, incluída no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) da Deputación Provincial da Coruña, segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto, D. Gonzalo García Martínez (KARTARK ARQUITECTOS, S.L.P.) e cuxo orzamento base de licitación é de 185.848,62 € (153.593,90 € base impositivo + 32.254,72 € de 21% de IVE) e valor estimado do contrato de 153.593,90 €.

Terceiro.- Que se incorpore ao expediente o preceptivo certificado de existencia de crédito.

Cuarto.- Que se incorpore ao expediente o “*Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans*



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Provinciais e outras obras provinciais”, aprobados polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 26/02/2021, incluíndo os seus anexos.

Quinto.- Que a secretaría e a intervención municipal emitan os correspondentes informes preceptivos esixidos pola LCSP.

Sexto.- Evacuados os trámites anteriores déseme conta.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O alcalde,

Asdo.: Eduardo J. Parga Veiga